

LIMIAR

Aínda que por data de nacemento (1959) Domingo Tabuyo podería ser encadrado (se *encadrar* fose un verbo acaído para a súa personalidade e perfil literario, que para nada o cremos) na chamada “xeración dos 80” da poesía galega, é un feito que a súa revelación pública cos poemarios *Manual de urxencias e retornos* (1993), *Balsaín blues* (1998) e *A luz secreta* (2002) coincidiu co momento da eclosión da “xeración dos 90”. Talvez por iso mesmo poden detectarse na súa proposta lírica, moi persoal e singular no variado panorama poético galego dos nosos días, elementos estéticos que ora o abeiran á primeira promoción citada, ora o empurran cara a segunda.

Con todo e con iso, e non por falta de premios e recoñecementos precisamente (accésit no “González Garcés” de 1993, XVI premio “Cidade de Ourense” de 1997, premio “Avelina Valladares” de 1999...), salta á vista para calquera atento observador da evolución da poesía galega nas últimas décadas que Domingo Tabuyo é, dentro dela, un auténtico “verso libre” ou “solto”, afastado *motu proprio* e sen traumas de capelas e grupos, a contracorrente de calquera tendencia organizada, dedicado a cultivar as rosas do seu xardín lírico alleo a modas, comercialidades e portavocías, pendente só de non se enganar a si mesmo na hora suprema da verdade, cando o poeta que verdadeiramente o é se enfronta ao abismo do folio impoluto e logra saír minimamente satisfeito cos versos colleitados...

O elemento culturalista, entendido na súa dimensión máis fértil - empregar como referencia válida á hora de afrontar a fruición ou o calibrado da beleza que nos rodea as creacións musicais, literarias e artísticas en xeral que nos preceden no tempo -, está moi presente sempre na súa poesía, en parte polo propio oficio de profesor de Historia da Arte no IES Francisco Asorei de Cambados, en parte pola súa cultivada sensibilidade de home “renacentista” nesta contemporaneidade, afeito a cultivar(se) múltiples ámbitos: a poesía, a política, a pintura, a docencia, a columna de opinión na prensa, o activismo cultural... Un fragmento do seu *Cadernos de París* (2010) resume á perfección esta adhesión á escrita, á arte e á cultura en xeral como ferramenta para afrontar a propia existencia e intentar explicala e transcendela:

Non teño máis que versos para afrontar o tempo
que foxe dende o instante que comecei a viaxe
para intentar vibrar máis alá do cerne estético
e atopar as certezas base da anguria creativa.

Por outra banda, lonxe de barroquismos e artificiosidades formais, sempre cunha contención harmónica que alguén diría “neoclásica” por fuxir adrede do arrebatado pasional romántico e do exceso verbalista, Tabuyo é un poeta cun estilo e cunha dicción moi particular, que tende á “prosa poética” (velaí a súa aposta decidida en *A sombra horizontal do teu nome*, 2018) e que recorda poderosamente na súa claridade, na súa

cadencia, no seu longo alento e nos seus ritmos internos o verso salmódico, o cantar salomónico, o versículo bíblico.

Non, xaora, porque a relixiosidade sexa unha das súas notas características, que non o é, senón máis ben porque resulta a súa unha poesía de aparencia “conversativa” e, asemade, “confidencial”, feita con versos que se dirían concibidos para borboriñar ao ouvido dun ser querido ou para compartir nunha xuntanza de lazos fraternos máis que para declamar na praza pública diante da multitude. Proba do que dicimos é o final do poema “L” do apartado “Rituais de tránsito”, onde o eu poético emprega a mesma fraseoloxía que atopamos en moitas das parábolas do Novo Testamento: “*En verdade, en verdade vos digo...*”.

É a de Domingo Tabuyo, efectivamente, unha poesía con evidente transfundo meditativo, reflexiva, conceptual, observadora e, por iso mesmo, en moitos sentidos, *reveladora e filosófica*. Unha poesía, en atinadas palabras de Ramón Caride, inspirada nunha “contemplación serea”, debruzada sobre as propias experiencias, vivencias e sentimentos para acadar algúns axiomas que resulten transcendentales, algunhas conclusións de valor humanista e universal que deveñan, dito en fermosos versos do propio poeta, “*bóveda, clave, imposta, paramento / arxilas nas que verter as cinsas do vivido*”.

O cotián, a concreta experiencia, a particular vivencia son sometidos por Tabuyo a unha ollada unhas veces racionalizadora, ironicamente distante outras, nunha especie de bucle reflexivo que, movéndose en espiral ascendente, produce sempre un avance cara un estadio superior de lucidez e de comprensión, que el propio define como “*sinxela sensación de transcendencia*”. A poesía, a literatura, a arte concibidos como escaleiras de acceso ao sublime, como antídotos eficaces fronte o vulgar e o ramplón, como auxilios e consolos contra as feridas todas do vivir real e á intemperie.

Estes trazos caracterizadores, que xa se manifestaron con intensidade en poemarios inmediatamente precedentes de Domingo Tabuyo como *Caderno de París* (2010) e *A sombra horizontal do teu nome* (2018), definen por completo este *Das viaxes maiúsculas* merecedor do premio “Camiño de Santiago” (2019) e que se articula, dentro da súa relativa brevidade, en dous grandes apartados, titulados respectivamente “A lene suxestión” e “Rituais de tránsito”, con dezanove poemas cada un.

Desde Homero a poesía encontrou na idea da viaxe unha perfecta estratexia discursiva, un elemento eficazmente articulador das mensaxes que se queren transmitir, grazas ao seu carácter “dialéctico” e “episódico”, á súa esencia “aventureira” por definición e á facilidade con que consegue retratar e ao mesmo tempo xustificar a metamorfose que eventualmente experimentan os personaxes que a protagonizan.

A mudanza espacial (“*habitar o Camiño*”) permite, propicia e explica a mudanza espiritual que se vai manifestando aos poucos, paso a paso, etapa tras etapa, nunha sorte de catarse: “*Nesta hora, no silencio de tótem do Teleno / sae a voz interior, o exame de*

conciencia”. O camiñar físico que supón avanza cara a unha meta (Compostela, o mar de Fisterra, o Occidente onde se deita cada día o sol) convértese doadamente en metáfora dun outro camiñar “cara adentro”, interior e reflexivo. En versos do propio Tabuyo: “*Camiñar, transcender, chegar a ser*”. Por iso mesmo “*peregrinar é un alento vital*”, “*encamiñarse suxire mundos plenos*” e “*camiñar é consecuencia de que amamos*”.

As bochas nos pés do camiñante, o cansazo e as “*ampolas que falan do esforzo do vivido*” facilmente transmutan en símbolos doutro tipo de feridas máis intanxíbeis, pero igual de reais e feras, as que traban na alma, “*acaso cicatrices antigas*”. O sorriso e o amor simbolizan o que de redención e felicidade agardan o peregrino da vida en cada reviravolta. A dialéctica estatismo/dinamismo preside a andanza do camiño como a da propia existencia, aquel “*todo pasa y todo queda / pero lo nuestro es pasar*” de Machado, e o camiñante, ao mesmo tempo que consume xornadas externas entre a paisaxe, o sol, a choiva, os monumentos, os *grafittis*, as prazas públicas e os albergues nos que acha baño de descanso, café quente, linimento e repouso, percibe cada vez con maior claridade voces interiores que o asaltan e revisitan (“*camiños habitados por voces interiores*”), obrigándoo ao esforzo de (se) lembrar e se (re)pensar, “*para encontrar finalmente o mar no que fundirnos*”, para reconstruírse “*coma semente evolutiva transformada*”, para purgar “*retallos fragmentarios que aínda doen*” ou simplemente para “*non esquecer ter reflexións salvavidas*”.

Viaxes húbóas xa nas nosas “cantigas de romaría” medievais (*E se me vós gardades eu ben volo digo / de ir a San Servando ver meu amigo / morrerei de amores...*). Viaxes épicas foron *Os Lusíadas* de Camões e aínda *Os Eoas* de Pondal. Viaxe, aínda que oximórica, encerrou o *De catro a catro* do poeta rianxeiro Manuel Antonio, nun mar tan persoal que non ten ribeiras e desatracou de todos os océanos. Co propio camiño xacobeo de protagonista total ou parcial temos tamén, por citarmos só algúns exemplos dos moitos que poderían poñerse, o romance de Don Gaíferos de Mormaltán popularizado no seu día polo músico zanfoñista Faustino Santalices, o libro de Manuel María *O camiño é unha nostalgia* (1986), o poemario de Cesáreo Sánchez Iglesias *A escrita do Camiño Primitivo* (2007) e o volume do inmenso Uxío Novoneira *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (2010, edición póstuma).

Á súa maneira, o novo libro de Tabuyo insírese nesta corrente de “literatura viaxeira” galega, coa ruta xacobeá como referente externo, mais faino, como xa advertimos, dun xeito moi machadiano, case por completo alleo á tentación descritiva e, desde logo, totalmente afastado do neocostumismo paisaxístico propio do cartón postal e da propaganda turistificadora.

As referencias artísticas (o escultor Fidias, os arquitectos Andrade, Casas e Novoa, os pintores Vermeer e Turner...) combínanse con algunhas xeográficas (Castela, O Bierzo, o Meruelo, o Teleno, o Cebreiro, Fisterra, Compostela...) para deseñar apenas un marco e un ambiente recoñecíbel, por máis que adrede difuso, mais a ollada do poeta céntrase en toda hora no interior anímico (“*os mundos interiores toman corpo*”) ou nos estímulos

sensoriais que o rodean, xerando “*reflexións a golpe de terra e de camiño*” que van á procura dun equilibrio “*onde todo é global e ten sentido*”. Un equilibrio que, vencendo “*feridas permanentes gravadas nos sentidos*”, só o sorriso e a compañía da persoa amada parecen poder garantir finalmente.

O camiño do que nos fala *Das viaxes maiúsculas* vive nos adentros do eu poético e só emerxe cando a experiencia da viaxe física pola ruta xacobeana real, coa súa carga de percepcións sensitivas, paisaxísticas, arqueolóxicas ou humanas (“*os socalcos que asaltan os sentidos*”, “*as luces matizadas de Oriente*”, etc.), desencadea o mecanismo introspectivo do que manarán, como pingas de auga fresca, versos que queren apreixar e explicar a vida, en toda a súa complexidade. “*Vivir é camiñar*”, dirá por iso mesmo o poeta.

Libro de introspección ferida e de memoria; libro de confesións e subxectivismo expresado con delicadeza, directo pero sutil; libro de retorno a certos instantes vividos e de reflexión sobre o eterno tema do *tempus fugit*; libro de experiencia persoal intransferíbel (“*vivir é un exercicio complicado*”) que, non obstante, adquire visos de pertinencia universal (“*camiñan en nós milleiros de viaxeiros*”) na medida en que nos interpela en tanto lectores como seres humanos (“*saberse inicio e meta, orixe e término*”); libro, en fin, de Poesía, con esas maiúsculas invocadas - agora sabemos que non por acaso - desde o seu propio título.

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

Vilagarcía de Arousa, 5 de outubro de 2019